


Actividades

1. Con cal das liñas temáticas de Luís Seoane podes identificar o texto 1?
2. O texto 1 é un poema lírico ou narrativo? Por que?
3. Que ambiente se reflicte no texto 1? Proporciona algún tipo de información sobre a vida cotiá dos/das exiliados/as e emigrados/as? Que conclusión se tira da emigración?
4. Quen son as persoas as cales se refire o autor no texto 2?
5. Explica que significado ten estes versos: *Guinden o noso nome / á preta cova dos mortos / que eles queren olvidar e tampouco podrán esquecer ista segunda morte.*
6. Localiza no texto 2 un exemplo de derivación, unha anáfora e unha metáfora e explica o porqué do seu uso.
7. Que opinan os falanxistas sobre as explicacións do protagonista no texto 3? Por que?
8. Cales son os recursos dos cales se vale Antón Alonso Ríos no texto 3 para crear verosimilitude?
9. Cal é o tema principal do texto 4? En que liñas do teatro galego no exilio encaixa? Xustifica a túa resposta con información presente no texto.

3. Literatura galega de posguerra en Galiza



O primeiro paso para a reactivación do campo literario galego durante a posguerra vai ser o artellamento de diferentes iniciativas editoriais, nomeadamente a Editorial Monterrey e a Editorial Galaxia, aparecidas en 1950.

A **Editorial Monterrey**, que nace en Vigo da man de Xosé María Álvarez Blázquez, xorde como unha extensión da Librería Monterrey, fundada dous anos antes polo polígrafo vigués. Monterrey publica libros de factura exquisita, edicións moi coidadas que supoñen unha *rara avis* no panorama editorial galego. Ao tempo, Álvarez Blázquez mantén tamén as coleccións Leixado do vento –onde aparecen obras como *O desengano do prioiro* (1952), de Ramón Otero Pedrayo e a reedición aumentada de *Cantiga nova que se chama riveira* (1957), de Álvaro Cunqueiro– e mais Frol e froito –destinada a novos valores literarios e á reedición de obras clásicas.

sicas-. Nesta colección, que tivo unha vida efémera, danse a coñecer dúas obras que marcan o inicio da Nova Narrativa Galega: *Nasce un arbre* (1954) e *Memorias de Tains* (1956), de Gonzalo Rodríguez Mourullo.

O nacemento da **Editorial Galaxia** supón unha auténtica revolución cultural por dous motivos. En primeiro lugar, porque á volta do seu núcleo directivo se artella boa parte da renovación literaria destes anos e, en segundo lugar, porque o funcionamento e o organigrama da editora –máis similares aos dun partido político que aos dunha empresa– a levan a dirixir con habilidade os fíos da cultura galega durante décadas.

O proxecto inicial de Galaxia foi xestado por un grupo de mozos e mozas que se tiñan aglutinado arredor do suplemento cultural do xornal *La Noche* –cuxa publicación cesara en 1950– e que proviñan, na súa maioría, do Partido Galeguista e das Mocidades Galeguistas. Así, a editora viguesa foi fundada o 25 de xullo de 1950, baixo a presidencia de Ramón Otero Pedrayo e con Francisco Fernández del Riego –secretario–, Xaime Isla Couto –conselleiro– e Ramón Piñeiro –director literario– como máximos promotores.

A xeira editorial de Galaxia comeza en 1951 con *Antífona da cantiga*, de Ramón Cabanillas, o que ofrece unha visión de continuidade coa literatura de preguerra. A editorial ocúpase tamén do desenvolvemento da narrativa e da literatura dramática, con iniciativas como a colección Illa Nova (1957), e máis da didáctica a través dos *Cadernos Grial* (1951).

3.1. Narrativa de posguerra

A gente da Barreira (1951), de Ricardo Carvalho Calero, é a primeira novela publicada en Galiza após a guerra civil; con ela, o autor conseguira o Premio Bibliófilos Gallegos, o que lle brinda a posibilidade de a publicar. A obra, que narra a historia dos señores da Barreira desde a construción da casa até a decadencia familiar, inaugura un panorama narrativo que se axusta ás seguintes liñas:

Liñas temáticas	Obras e autores
Continuación da narrativa de preguerra	<i>A gente da Barreira</i> (1951), de Ricardo Carvalho Calero
Socialrealismo	<i>A esmorga</i> (1959), de Eduardo Blanco Amor
Inspiración na literatura popular	<i>Terra brava</i> (1955), de Ánxel Fole
Realismo fantástico	<i>Merlín e familia</i> (1955), de Álvaro Cunqueiro

Os autores máis representativos deste período son Eduardo Blanco Amor, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. Todos se incorporan tardiamente á narrativa galega excepto Neira Vilas, quen, aínda que se sitúa a cabalo entre a renovación da prosa dos anos 50 e 60 e as correntes que xorden a partir dos anos 70, ten máis que ver temática e formalmente con este grupo de autores que coa Nova Narrativa Galega.

3.2. Poesía de posguerra

Como xa vimos, *Cómaros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño, representa a primeira obra de calidade da literatura galega despois da parálise editorial provocada pola guerra civil. O nacemento no ano 1949 en Pontevedra da colección Benito Soto da man de Celso Emilio Ferreiro resulta definitiva para o desenvolvemento deste xénero literario no noso idioma.

3.5. Eduardo Blanco Amor

O conxunto da obra literaria en lingua galega de Eduardo Blanco Amor está composto por tres títulos de poesía, tres de narrativa, outros tres de teatro e unha obra ensaística. Alén disto, cómpre apuntar a existencia de poemas dispersos en revistas, así como da novela inacabada *A escaleira de Jacob*.



Obra lírica	<i>Romances galegos</i> (1928) <i>Poema en catro tempos</i> (1931) <i>Cancioneiro</i> (1956)
Obra narrativa	<i>A esmorga</i> (1959) <i>Os biosbardos</i> (1962) <i>Xente ao lonxe</i> (1972)
Obra dramática	<i>Farsas para títeres</i> (1972) <i>Teatro pra xente</i> (1974) <i>Proceso en Jacobusland</i> (<i>Fantasia xudicial en ningures</i>) (1990)
Obra didáctica	<i>Castelao escritor</i> (1986)

Blanco Amor iníciase na literatura como poeta, se ben é como narrador como obtén maior recoñecemento. A súa **obra poética** inicial mantén unha liña popularizante e paisaxística, como a presente en *Romances galegos* (1928). A paisaxe do rural deste poemario dá paso á paisaxe marítima en *Poema en catro tempos* (1931), mentres que en *Cancioneiro* (1956) o autor abandona a liña descritiva para homenaxear o universo da lírica galego-portuguesa medieval.

Eduardo Blanco Amor



Eduardo Blanco Amor nace en Ourense no ano 1897. A súa infancia non resulta doada debido á súa natureza doentía e á difícil situación familiar. Como alumno de Vicente Risco, asiste con el a conferencias e debates na cidade. Con dezanove anos emigra á Arxentina e establececese en Bos Aires; nesta cidade convértese en xornalista e forma parte da dirección de diversas revistas, entre as que destaca *Céltiga*.

No ano 1926 o ourensán integra a nómina de xornalistas do diario *La Nación*, feito que lle reportou gran prestixio e que lle serviu para regresar a Galiza como correspondente en 1931. Durante esta estada entra en contacto con membros da Xeración do 27 da literatura española, como Federico García Lorca e Rafael Alberti.

O compromiso de Blanco Amor coa República obrigao a retornar a Arxentina, desde onde continúa a traballar a prol dos/das exiliados/as. Durante esta segunda estada en América visita como conferenciante outros países, como Venezuela, Chile ou Colombia.

En 1965 Blanco Amor afínase en Galiza definitivamente. A partir deste momento sofre grandes dificultades económicas e a súa saúde experimenta un enfraquecemento notábel; serios problemas cardíacos acaban coa súa vida en 1979.

O **obra dramática** de Blanco Amor foi escrita durante o exilio, aínda que se publica con posterioridade. As súas pezas entroncan máis coa liña de renovación do xénero dramático que co costumismo e foron compostas para seren representadas pola compañía Teatro Popular Galego, que el mesmo creara.

A primeira achega do escritor ourensán ao teatro é *Farsas para títeres* (1972), en que se recollen seis obras breves cargadas de humor e de simbolismo. A súa derradeira peza, *Proceso en Jacobusland* –publicada postumamente en 1990–, foi censurada pola súa mordaz crítica á xustiza. Por último, *Teatro pra xente* (1974) presenta sete obras breves que supoñen unha achega ao mundo rural galego.

O autor ourensán tamén contribúe ao desenvolvemento do **xénero didáctico** tanto con artigos dispersos en diferentes revistas como con *Castelao escritor* (1950), a súa obra didáctica máis sobranceira. Trátase dunha encomenda feita polo Consello de Galiza inmediatamente despois do pasamento do autor rianxeiro.

Dentro da produción literaria de Blanco Amor a **obra narrativa** representa o maior tributo do autor ás letras galegas. As súas novelas e os seus contos partillan unha serie de trazos:

- O tema principal acostuma ser a pasaxe da infancia á idade adulta. O autor non teme abordar temas que poidan ser considerados tabú, como por exemplo a homosexualidade ou o incesto.
- Tanto en *Os biosbardos* como en *Xente ao lonxe* os protagonistas son crianzas ou adolescentes; no caso de *A Esmorga* son os personaxes secundarios os que evocan a inocencia do universo infantil.
- O espazo principal da acción é Auria –trasunto da cidade de Ourense–, que ten a mesma relevancia que calquera outro/a personaxe.
- O tempo interno correspóndese coas primeiras décadas do século xx.

A esmorga (1959) é unha novela cunha atmosfera asfixiante que desempeña un papel simbólico na acción narrativa. Os protagonistas son Xan, o Bocas; Aladio, o Milhomes; e Cibrán, o Castizo; tres personaxes marxinais que se encontran durante unha xornada de frío e de choiva en Auria e que deciden ir de esmorga, polo que entran e saen durante vinte e catro horas de diferentes locais (a taberna, a casa dos Andrada, o prostíbulo...). Conforme avanza a xornada e flúe o alcol, a situación vaise facendo abafante e o nivel de violencia verbal e física entre os protagonistas tórnase insoportábel. A acción finaliza cando os tres esmorgantes se ven envoltos nun crime.

A novela organízase á volta de tres niveis narrativos:

- A narración dun personaxe inicial que di localizar nun faiado documentación relativa ao caso que vai narrar –acontecido noventa anos atrás–.
- O diálogo que reflicte o interrogatorio ao cal o xuíz somete a Cibrán, o Castizo.
- A historia relatada por Cibrán, que constitúe o corpo da novela.

A novela resulta enormemente expresiva, xa que os personaxes empregan unha lingua inzada de expresións populares, xogos de palabras e dobres sentidos, que serve de elemento caracterizador. Alén disto, convén sinalar que no interrogatorio non aparece o diálogo correspondente ao xuíz, a pesar de que as preguntas se fan evidentes a través das respostas dadas polo Castizo.

Despois de *A esmorga* a seguinte incursión de Blanco Amor na narrativa é *Os biosbardos*, un conxunto de oito relatos protagonizados por nenos ou adolescentes que presentan en 1.^a persoa o encontro deses narradores infantís con diversas situacións que os obrigan a enfrontarse coa madurez de súpeto.

Por último, *Xente ao lonxe* (1972) constitúe unha novela de aprendizaxe narrada desde o punto de vista de Suso, un meniño dunha familia de clase popular. A obra está ambientada na cidade de Auria e divídese en catro partes, que mostran diferentes momentos do paso da infancia á idade adulta do protagonista. Á medida que Suso vai medrando vaise facendo consciente da situación social que o rodea.

